

## **INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 8/2003, RELATIVA AO PECHES DOS LIBROS DE REGISTROS AUXILIARES.**

Con data do 1 de xaneiro do 2004 os rexistros auxiliares do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (ubicado na Casa dos Catedráticos), do Servizo de PAS (Casa da Balconada), o da Unidade de Xestión do Campus Sur (Pavillón de Servizos), o da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte (Burgo das Nacións) e o de Investigación (edificio CACTUS), integraranse no sistema informático dos rexistros xerais.

Para estes efectos é necesario dar as instrucións necesarias así como establece-lo peche dos libros de asentos dos anteditos rexistros auxiliares.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral resolveu dicta-la seguinte Instrucción:

**Primeiro.-** *Integración dos rexistros auxiliares no sistema informático dos rexistros xerais de Lugo e Santiago de Compostela.*

Con efectos do 1 de xaneiro do 2004 todo asento de entrada e saída dos rexistros auxiliares da USC deberá formalizarse no sistema informático común utilizado ata a data polos rexistros xerais.

**Segundo.-** *Peche dos libros dos rexistros auxiliares.*

Con efectos do 31 de decembro do 2003 procederáse ao peche dos libros de rexistro de entrada e saída dos rexistros auxiliares, facendo constar unha dilixencia asinada polo encargado do rexistro e polo secretario xeral do seguinte tenor literal:

*“ DILIXENCIA para facer constar que o presente libro rexistro, que consta de .... follas a dobre cara, foi pechado a 31-12-2003, por procederse dende esta data a un novo sistema informático de rexistro” .*



## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A partir da data de peche dos libros de rexistro calquera modificación ou dilixencia aclaratoria neles deberá ser realizada polo secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Terceiro.-** *Arquivo.*

Os libros de rexistro dos rexistros auxiliares, debidamente encadernados e dilixenciados por anos, serán remitidos á Secretaría Xeral para o seu arquivo e custodia.


### **Cuarto.-** *Desenvolvemento*

Corresponderá á Secretaría Xeral dictar as instrucións ou ordes de servizo relacionadas co funcionamento do sistema nos rexistros auxiliares.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2003

O SECRETARIO XERAL



  
Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

SR. VICERRECTOR DE TERCEIRO CICLO E EXTENSIÓN DOCENTE/  
SRA. XEFA DE SERVICIO DE PERSOAL/ SR. XEFE DE SECCIÓN DO  
CENTRO DE POSTGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN  
CONTINUA/ SR. XEFE DE SERVICIO DE XESTIÓN  
ACADÉMICA/SRES XEFES DAS UXAS NORTE E SUR/ SR. XEFE DE  
SERVICIO DA OIT